

BASES QUE REXEN O CONCURSO PÚBLICO PARA O OUTORGAMENTO DE 7 LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL TELEVISIVA DE TITULARIDADE PRIVADA DE ÁMBITO LOCAL.

1. Obxecto.....	2
2. Licenzas dispoñibles.....	2
3. Réxime Xurídico	2
4. Órgano competente.....	3
5. Duración e extinción.....	3
6. Réxime sancionador	3
7. Condicións de prestación do servizo.....	3
8. Requisitos para ser titular dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva.....	6
9. Xestor do múltiplex e acordo de compartición da canle.....	7
10. Garantía	8
11. Presentación de Solicitudes.....	9
12. Contido do SOBRE 1. Documentación Administrativa	10
13. Contido do SOBRE 2 EXPERIENCIA E PROPOSTAS: PROGRAMACIÓN ECONÓMICA E TECNOLÓXICA.....	12
14. Criterios de valoración	20
15. Mesa de Avaliación	23
16. Apertura do SOBRE 1 (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA).....	23
17. Acto público de apertura do SOBRE Nº 2: EXPERIENCIA E PROPOSTAS: PROGRAMACIÓN, ECONÓMICA E TECNOLÓXICA	24
18. Procedemento de valoración	24
19. Proposta de adxudicación.....	25
20. Outorgamento da licenza	25
21. Taxas.....	26
22. Presentación dos proxectos técnicos.....	26
23. Instrucións para a redacción do proxecto técnico de estudos.....	27
24. Execución das obras e instalación, inspección e autorización de posta en funcionamento e inicio das emisións. Emisión en probas.	29
25. Inscripción no rexistro	30
26. Formalización en documento administrativo.....	30

1. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto establecer o réxime xurídico da convocatoria do concurso para o outorgamento de sete (7) licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de titularidade privada e ámbito local coas características técnicas que, para cada demarcación, se indican no anexo I. Nos termos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual o adxudicatario da licenza poderá emitir comunicación comerciais.

Quedan fóra do ámbito deste concurso os servizos de comunicación audiovisual televisiva comunitario sen ánimo de lucro de acordo co previsto no artigo 32 da Lei 7/2010 do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

2. Licenzas dispoñibles

O Real Decreto 439/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local modificado polo Real Decreto 2268/2004 e polo Real Decreto 805/2014 do 19 de abril, do 3 de decembro, planificou as demarcacións previstas para o servizo de televisión dixital de cobertura local na Comunidade Autónoma de Galicia das que na actualidade están vacantes sete programas.

3. Réxime Xurídico

O réxime xurídico para o outorgamento desta licenza virá determinado polo ordenamento xurídico xeral e especificamente pola lexislación vixente en materia audiovisual, de carácter estatal e autonómico, así como polas previsións contidas nas previstas bases e, en concreto por:

- Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administración públicas e a súa lexislación de desenvolvemento.
- Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa lexislación de desenvolvemento.

En calquera caso será de aplicación o principio de neutralidade tecnolóxica establecido na directiva europea 2009/140/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro de 2009, pola que se modifican a Directiva 2002/21/CE relativa a un marco regulador común das redes e dos servizos de comunicación electrónicas, a Directiva 2002/19/CE relativa ao acceso as redes

de comunicación electrónicas e recursos asociados e a súa interconexión e a Directiva 2002/20/CE relativa á autorización de redes e servizos de comunicación electrónicas que foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real Decreto-Lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicación electrónicas e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custes e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, polo que o outorgamento de licenzas para a prestación de servizos de comunicación audiovisual de titularidade privada non limita os dereitos dos licenzatarios para poder explotar este con outra tecnoloxía, sempre con sometemento ao disposto na normativa estatal vixente en cada momento.

4. Órgano competente

1. O Consello da Xunta de Galicia é o órgano competente para adxudicar as licenzas para prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva
2. A Secretaría Xeral de Medios é o órgano competente para a tramitación das solicitudes.

5. Duración e extinción

A licenza á que se refiren as presentes bases outorgarse por un período de quince anos, de acordo co artigo 28 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

A licenza extinguiranse de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

6. Réxime sancionador

O réxime sancionador para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito local aplicarase de conformidade co previsto na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

A prestación de servizos adicionais que teñan a consideración de servizos de comunicacións electrónicas, estará sometida ao réxime de infraccións e sancións previsto na normativa de telecomunicacións.

7. Condicións de prestación do servizo

- A) Condicións de cobertura

O titular da licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva estará obrigado alomenos:

- A partir do 2º ano de vixencia da licenza á cobertura do núcleo principal de poboación da demarcación.
- A partir do 4º ano de vixencia da licenza á cobertura do 60% da poboación da súa demarcación.
- A partir do 6º ano de vixencia da licenza á cobertura do 85% da poboación da súa demarcación.

B) Programación e Contidos

No referente á programación e contidos, o prestador do servizo estará obrigado ao cumprimento do disposto na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual así como a:

- a) Emitir 32 horas semanais de programas orixinais, como mínimo, fomentando a difusión de servizos televisivos de carácter local

Desa emisión, un mínimo de catro horas diarias serán de programación de contido referido ao ámbito territorial de cobertura do servizo, na franxa horaria comprendida entre as 13:00-16:00 horas e as 20:00-23:00

- b) Emitir programas de produción propia un mínimo do 60% do total da emisión, do que o 50% debe emitirse en lingua galega. Debe entenderse dentro daquela porcentaxe aquelas coproducións nas que a participación do prestador sexa polo menos do 25% da produción audiovisual
- c) Empregar o idioma galego de xeito usual nas emisións de conformidade coa Lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística. Así mesmo as comunicacións e notificacións efectuaranse en galego.
- d) A prestación do servizo non poderá interromperse, agás en caso de forza maior, sen previa autorización da autoridade audiovisual competente.
- e) Prestar os servizos da Sociedade da Información adicionais aos servizos de difusión se así se obrigara na súa oferta, facilitando a posta en marcha de aplicacións que permitan a prestación de servizos interactivos e coas limitacións derivadas da normativa que lles sexa de aplicación.

C) Emisión en cadea

Os titulares dunha licenza para prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito local, non poderán emitir en cadea con outras entidades autorizadas durante máis do 25% do tempo total semanal, aínda que

sexa en horario diferente. En ningún caso esta porcentaxe pode concentrarse no horario de 21 a 24 horas.

En calquera caso a emisión en cadea deberá ser autorizada pola autoridade audiovisual competente.

Non se considera emisión en cadea a emisión de programas que foran coproducidos ou producidos de forma sindicada polos prestadores do servizo de comunicación televisiva de ámbito local. A porcentaxe de sindicación mínima para a aplicación deste suposto será do 12% do total do proxecto.

D) Outras obrigas do titular da licenza

O adxudicatario da licenza queda obrigado así mesmo a cumprir a normativa vixente en materia de servizos de comunicación audiovisual e telecomunicacións, así como as seguintes obrigas:

- a) O titular da licenza na prestación do servizo inspirarase nos principios expresados no artigo 2 do Decreto 81/2005 do 14 de abril
- b) Explotar directamente a licenza con independencia dos dereitos recoñecidos no artigo 29 da Lei 7/2010, do 31 de marzo
- c) Manter as características técnicas da licenza segundo os parámetros técnicos autorizados.
- d) Facilitar as comprobacións e inspeccións que teña que levar a cabo a autoridade audiovisual competente co fin de verificar o cumprimento das condicións da licenza.
- e) Cumprir o disposto na Lei 7/2010 do 31 de marzo en materia de comunicacións comerciais
- f) Presentar anualmente á autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma antes do 15 de decembro de cada ano, o plan de programación, con especificación dos horarios de emisión, e da programación de produción propia.
- g) Presentar ante a autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma dentro dos catro meses seguintes á finalización do prazo que a lexislación mercantil vixente sinala para a prestación da documentación relativa ao peche do exercicio, unha memoria que reflecta a situación económico-financeira da empresa.
- h) Ter a disposición da autoridade audiovisual competente tódalas emisións, incluídas as comunicacións comerciais e rexistrar os datos relativos a tales programas segundo o disposto no artigo 61 da Lei 7/2010
- i) Dispoñer de estudos de produción propia no ámbito de cobertura da demarcación planificada, cunha estrutura informativa de ámbito galego formada por profesionais da información

Así mesmo están obrigados ao cumprimento dos compromisos asumidos polo interesado na súa proposta, así como ao abono en tempo e forma das taxas que legalmente se establezan.

De entre as anteriores terán a consideración de esenciais as obrigas contidas nos apartados a), b), c) e e) do apartado D)

O incumprimento das condicións esenciais e, en particular, dos compromisos asumidos polo interesado na súa solicitude e que serviron de base para o outorgamento da licenza terán as consecuencias previstas no Título VI da Lei 7/2010.

O titular da licenza virá obrigado a cumprir posibles modificacións nas porcentaxes ou obrigas establecidas nos puntos anteriores en virtude de posibles adaptacións das mesmas efectuadas pola normativa en materia de comunicación audiovisual e telecomunicacións.

8. Requisitos para ser titular dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva

A) Capacidade xeral segundo o artigo 25 da Lei 7/2010

- a) No caso de persoas físicas, ter a nacionalidade dun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou a de calquera Estado que, de acordo coa súa normativa interna, recoñeza este dereito aos cidadáns españois.
- b) No caso de persoas xurídicas, ter establecido o seu domicilio social nun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou en calquera Estado que, de acordo coa súa normativa interna, recoñeza este dereito ás empresas españolas.
- c) O titular debe ter un representante domiciliado en España para efectos de notificacións.
- d) No caso de persoas xurídicas, a participación no seu capital social de persoas físicas ou xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo deberá cumprir o principio de reciprocidade.

Ademais, a participación individual dunha persoa física ou xurídica nacional de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo non poderá superar directa ou indirectamente o 25% do capital social. Así mesmo, o total das participacións nunha mesma persoa xurídica de diversas persoas físicas ou xurídicas de nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo deberá ser inferior ao 50% do capital social.

B) Limitacións por razón de orde pública audiovisual segundo o artigo 26 da Lei 7/2010

En ningún caso poderán ser titulares dunha licenza as persoas físicas ou xurídicas que se encontren nalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Aquelas que, tendo sido titulares dunha licenza ou efectuado unha comunicación previa para calquera ámbito de cobertura, fosen sancionadas coa súa revogación ou coa privación dos seus efectos nos dous últimos anos anteriores á solicitude mediante resolución administrativa firme.
- b) Aquelas sociedades en cuxo capital social teñan unha participación significativa ou, de ser o caso, de control, directo ou indirecto, persoas que se encontren na situación anterior.
- c) Aquelas que, tendo prestado servizos audiovisuais noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, visen prohibidas as súas actividades durante os dous últimos anos por atentaren contra os principios e valores do Convenio Europeo de Dereitos Humanos ou o disposto en materia de protección de menores na normativa europea e española.
- d) Aquelas persoas incursas nalgunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

C) Limitacións por razón do pluralismo no mercado audiovisual televisivo segundo o artigo 36 da Lei 7/2010

Ademais dos requisitos sinalados en apartados anteriores, o titular da licenza deberá respectar as limitacións por razón do pluralismo no mercado audiovisual televisivo establecidas no artigo 36 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

9. Xestor do múltiplex e acordo de compartición da canle.

A titularidade da concesión de dominio público radioeléctrico, anexa á prestación do servizo de televisión dixital local, será compartida entre os prestadores que accedan á explotación de programas dentro dunha mesma canle múltiple.

Os ditos prestadores establecerán de común acordo entre si a mellor xestión de todo o que afecta á canle múltiple no seu conxunto ou as regras para a dita finalidade de acordo co disposto na lexislación vixente. (Orden ITC 2212/2007, do 12 de xullo, pola que se establecen obrigas e requisitos para os xestores do

múltiplex dixitais da televisión dixital terrestre de ámbito estatal, autonómico e local)

Con posterioridade ao outorgamento da licenza, e por criterio maioritario, os prestadores designaran ao xestor do múltiplex presentando dito acordo ante a autoridade audiovisual competente.

Naquelas demarcacións nas que xa fora designado un xestor do múltiplex por existir titulares de licenzas previamente, o novo titular deberá adherirse aos acordos existentes, sen prexuízo da posibilidade de proceder a pactar novas condicións que deberán ser comunicadas a autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma.

Os conflitos que xurdan pola xestión do múltiplex dixital terrestre serán dirimidos pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, segundo o disposto no Real Decreto 805/2014, así como na Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de telecomunicacións, que outorga competencias á CNMC, para intervir nas relacións entre operadores e nos conflitos que xurdan nos mercados de comunicacións electrónicas, tal e como se prevé nos seus artigos 12.5, 15 e 70.2 letras d) e g)

10. Garantía

1. Para participar no presente concurso será requisito indispensable acreditar a constitución previa dunha garantía polos importes establecidos no anexo III das presentes bases.
2. A garantía responde do mantemento dos compromisos asumidos en cada solicitude ata o final do concurso. As garantías poderán ser devoltas aos solicitantes das licenzas que non resulten adxudicatario ou transcorrido o prazo de resolución do concurso.
3. Ao adxudicatario proposto seralle retida dita garantía para responder do cumprimento dos requisitos previos á posta en funcionamento previstos nas bases 21, 22, 23 e 24, e poderá ser retirada tras a acreditación do cumprimento dos mesmos, en especial tras a comunicación do inicio das emisións.
4. A garantía poderá ser constituída:
 - a) En metálico: que se depositará na Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro
 - b) Mediante Aval.
5. A garantía pode constituírse empregando medios electrónicos segundo o disposto na Orde do 23 de maio de 2006 pola que se regulan os procedementos para a prestación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia e para a súa devolución empregando medios electrónicos.

11. Presentación de Solicitudes

As solicitudes e documentación complementaria presentaranse na forma, lugar e prazo sinalados nos apartados seguintes:

A) Forma de presentación

1. As proposicións serán secretas e a súa presentación supón a aceptación incondicional por parte do solicitante do contido das presentes bases.
2. Cada solicitude deberá estar asinada pola persoa solicitante ou polo representante legal debidamente apoderado en el caso de persoas xurídicas con suxeición ao modelo que figura como ANEXO II das presentes bases.
3. Os solicitantes deberán presentar:
 - a) Solicitude dirixida á Secretaria Xeral de Medios segundo o modelo do Anexo II das presentes bases
 - b) SOBRE I. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (co contido previsto na cláusula 12 das presentes bases).
 - c) SOBRE II. EXPERIENCIA E PROPOSTAS, PROGRAMACIÓN, ECONÓMICA E TECNOLÓXICA (co contido previsto na cláusula 13 das bases)
4. No caso de solicitar varias licenzas os interesados deberán presentar unha única solicitude co Anexo II e un único SOBRE I coa documentación administrativa. Presentaran un SOBRE II coa experiencia e propostas, programación, económica e tecnolóxica por cada licenza solicitada.

B) Lugar de presentación

A solicitude (ANEXO II) debidamente cumprimentada e en **sobre pechado** contendo a documentación sinalada deberán presentarse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, sita no Edificio Administrativo de San Caetano de Santiago de Compostela.

Así mesmo, a presentación poderá realizarse mediante envío por correo certificado con destino ao dito rexistro, en cuxo caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar o mesmo día á Secretaria Xeral de Medios por Fax ao 981 54 12 89 ou telegrama á remisión da solicitude que deberá ser en todo caso anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Dita acreditación poderá realizarse por correo electrónico á dirección radiodifusion.sxmedios@xunta.es se ben este medio soamente será válido se existe constancia da súa transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica fidedignamente ao remitente e ao destinatario.

Sen a concorrencia de ambos requisitos (xustificación da data de envío e anuncio da remisión da oferta mediante Fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día) non será admitida a solicitude no caso de que fora recibida fóra do prazo establecido.

Non obstante transcorridos dez días dende a terminación do prazo non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

C) Prazo de presentación

As solicitudes poderán presentarse en horario de apertura do rexistro Xeral da Xunta de Galicia do Edificio Administrativo de San Caetano, dentro do prazo de trinta días contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo do Consello da Xunta polo que se aproben as bases e se convoque o concurso de adxudicación de licenza.

12. Contido do SOBRE 1. Documentación Administrativa

O sobre número 1 que se presentará en papel e en formato electrónico (PDF) deberá ter o seguinte título “SOBRE NÚMERO 1. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA” e conterá a documentación acreditativa da personalidade xurídica do solicitante e a súa aptitude para ser titular dunha licenza de conformidade cos requisitos e prohibicións que establece a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

En caso de discrepancias entre o papel e o formato electrónico primará a versión en papel.

O SOBRE NÚMERO 1 conterá un índice que deberá seguir estritamente os apartados desta base e conterá **soamente** a seguinte documentación.

1. Nome ou razón social da persoa física ou xurídica ou, se é o caso o do seu representante legal e o enderezo do solicitante.
 - a. No caso de persoas físicas: documento nacional de identidade para españois e pasaporte ou calquera outro documento oficial acreditativo da súa personalidade para estranxeiros.

Non será necesario aportar a documentación anterior no caso de que se autorice á Mesa de Avaliación para a consulta dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Presidencia.
 - b. No caso de persoas xurídicas
Documento acreditativo do número de identificación fiscal e copia autorizada da escritura pública de constitución e de modificación ou transformación, no seu caso, da persoa xurídica inscrita no

registro oficial que fora preceptivo, conforme a lexislación sectorial aplicable.

2. Os solicitantes estranxeiros de Estados non membros de Unión Europea terán que presentar un informe de representación diplomática españolas no Estado de orixe conforme o Estado de procedencia admite a participación de persoas españolas na prestación de servizos de comunicación audiovisual.
3. Os solicitantes estranxeiros de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo do Espazo Económico Europeo, terán que acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo
4. Documento que acredite a personalidade do representante do solicitante (fotocopia lexitimada do documento nacional de identidade para españois; pasaporte ou calquera outro documento oficial para estranxeiros).

Ademais, acreditarán a súa capacidade para tal acto mediante poder notarial verificada a suficiencia por letrado da Xunta de Galicia.

5. As persoas xurídicas deberán presentar declaración conforme ao modelo que figura como ANEXO IV das bases sobre a composición e estrutura do capital social así como unha declaración da súa participación ou non noutras empresas do ámbito da comunicación.

A estes efectos deberán aportar o nome e apelidos ou, no seu caso, denominación ou razón social, incluíndo o número de identificación fiscal dos titulares de participacións significativas no capital social, con indicación das porcentaxes correspondentes, tanto directa como indirectamente. Neste senso, enténdese por participación significativa a que represente, directa ou indirectamente:

- a) O 5% do capital social
- b) O 30% dos dereitos de voto ou porcentaxe inferior, se servira para designar nos 24 meses seguintes á adquisición un número de conselleiros que representen máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade

Sen prexuízo do disposto no artigo 36 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual, se durante a tramitación do procedemento tivera lugar algún cambio na estrutura accionarial ou das participacións sociais da persoa xurídica solicitante esta verase obrigada a comunicalo á Secretaria Xeral de Medios.

No caso de que en dito capital social participen persoas físicas ou xurídicas de países que non sexan membros do Espazo Único Europeo á certificación deberá xuntarse un informe da Misión Diplomática Permanente no Estado Correspondente, xustificativo de que o Estado de procedencia admite a súa vez a participación dos cidadáns españois e

das persoas xurídicas que teñen por obxecto a prestación de servizos de comunicación audiovisual.

6. Declaración responsable de non estar incursos nas limitacións que por razóns de orde pública audiovisual establece o artigo 26 da Lei 7/2010 do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual comprendendo expresamente a circunstancia de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
7. Declaración responsable de non estar incursos nas prohibicións que, en atención ao pluralismo no mercado audiovisual televisivo segundo establece o artigo 36 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual.
8. Xustificante de ter constituído a garantía para cada unha das licenzas solicitadas de acordo co disposto na cláusula décima das bases.
9. Os solicitantes que, de acordo co artigo 42.1 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, teñan a obriga de ter no seu cadro de persoal a traballadores discapacitados, deberán presentar unha declaración responsable segundo a que cumprirán a obriga de contratar polo menos a un 2 por cento do total dos traballadores da empresa se esta ten un cadro de persoal total de 50 traballadores ou máis, ou ben adoptarán as medidas alternativas establecidas no Real Decreto 364/2005, do 8 de abril que regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor dos traballadores con discapacidades.

As declaracións responsables contidas no relación anterior axustaranse ao modelo que consta como **ANEXO V** das presentes bases.

13. Contido do SOBRE 2 EXPERIENCIA E PROPOSTAS: PROGRAMACIÓN ECONÓMICA E TECNOLÓXICA

O SOBRE NÚMERO 2 deberá ter o seguinte título: SOBRE NÚMERO 2. EXPERIENCIA E PROPOSTAS: PROGRAMACIÓN, ECONÓMICA E TECNOLÓXICA e deberá plasmar seguidamente a indicación da demarcación que se solicita.

A documentación presentarase exclusivamente en dúas copias en soporte electrónico (CD-ROM/DVD-ROM-USB) en formato PDF dentro do seu respectivo sobre pechado. O documento PDF non poderá exceder de 200 páxinas numeradas, a dobre espazo cunha letra de tamaño non inferior a corpo 12.

Se os solicitantes quixesen aportar algunha documentación adicional da relacionada a continuación, incluírase nas copias de soporte electrónico outro documento en formato PDF co seguinte título: documentación adicional.

PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN

1. Organización e contidos da programación

Descríbanse os principios e obxectivos da oferta televisiva que se propón e o tipo de fórmula que se pretende implantar, indicando se se trata dunha fórmula xeneralista, temática, mixta ou doutro formato. No caso de fórmula xeneralista farase referencia á porcentaxe que representan os contidos informativos, deportivos, de entretemento, formación, divulgación, culturais e outros contidos.

No caso de fórmula temática especificarase de que tipo. No caso de fórmula temática mixta, indicarase a porcentaxe de cada modalidade.

Ademais incluírase unha grella tipo con indicación dos programas que se emitirán os sete días da semana as vinte e catro horas do día (se nalgunha franxa horaria non se tivese pensado emitir, indicarase no cadro como “non emisión”) informando de forma clara da duración de cada programa. Sinalaranse tamén os supostos de redifusión.

Acompañarase unha descrición de cada programa indicándose, polo menos: nome, duración, obxectivo, audiencia á que se dirixe; a súa dinámica ou metodoloxía de funcionamento, participación no seu caso de axentes externos ao persoal da emisora (invitados, grupos sociais, expertos); tipo de programa (cultural, social, educativo, político, divulgativo, informativo, infantil, xuvenil), forma de publicidade prevista no programa (anuncios, patrocinios) e se é producido integramente pola emisora ou con algunha forma de sindicación segundo o previsto na Lei 7/2010, se é específico para a demarcación

2. Emprego do galego

Sinalarase a porcentaxe de emisión en galego, respectando os límites establecidos pola lexislación vixente e os obxectivos para o cumprimento do previsto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e respectando as obrigas establecidas na cláusula 7 B) b) das presentes bases

3. Fomento e defensa da cultura, os valores e intereses de Galicia

Farase especial incidencia en sinalar o interese cultural, social ou educativo do proxecto e a súa relación coas necesidades socioculturais da súa demarcación.

Poderase incluír o compromiso de creación dun arquivo onde se rexistrarán e conservarán as emisións para o seu posterior envío ao arquivo sonoro do Consello da Cultura Galega que garantirá a súa conservación centralizada e posta en valor.

4. Porcentaxe de programación propia

Especificarase o número de horas semanais de difusión de programas de produción propia, é dicir, elaborados cos recursos humanos e materiais propios previstos no proxecto televisión que se presenta, sempre respectando os límites da cláusula 7 B) b).

5. Promoción do pluralismo informativo

Achegarase unha declaración responsable indicando a participación que o solicitante ostente directa, ou indirectamente noutros prestadores de servizo de comunicación audiovisual, entendendo como tal calquera tipo de participación significativa segundo o disposto no artigo 33 da Lei 7/2010, a través doutras empresas ou grupos de empresas que ostenten licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva.

6. Programación de interese para a demarcación

Detallarase o contido da programación adaptado aos intereses e particularidades da demarcación e ou seu ámbito de cobertura, en función, entre outras, do tipo de programas, dos colectivos aos que se dirixen e da participación de axentes externos.

O interesado poderá facer referencia a estudos de mercado e análise de audiencia que teña realizado e fundamente a súa proposta, demostrando que os contidos e programas propostos satisfarán as demandas da demarcación.

7. Número de horas de emisión diarias

Especificarase o horario de emisión proposto para o servizo por encima dos límites establecidos pola lexislación vixente e a cláusula sétima das presentes bases.

PROPOSTA ECONÓMICA

A proposta económica contemplará o Plan de negocio necesario para valorar a viabilidade económica do proxecto no que se detallarán os seguintes apartados:

1. Caracterización do mercado. Plan financeiro. Ingresos, gastos e investimentos.

a) Caracterización do mercado:

Neste apartado expóranse as características de audiencia potencial da zona de cobertura do programa.

Presentaranse proxeccións referidas ao final de cada ano, para todo o período de vixencia da licenza, con detalle do número de oíntes e a cota de mercado da emisora, previstos polo solicitante.

Estas proxeccións terán en conta a cobertura expresada na proposta tecnolóxica.

b) Plan financeiro

Especificaranse as fontes de financiamento do solicitante para soportar as previsións do plan financeiro e de negocio, determinando claramente a capacidade e flexibilidade do seu financiamento, especialmente para iniciar a súa actividade.

c) Previsión de ingresos e gastos

c1. Incluírase unha estimación de ingresos polo mercado publicitario, detallando tódalas fontes de ingresos por cada tipo de programa, horario en relación cos distintos tipos de publicidade e promoción.

Tamén se deberá incluír unha estimación doutros ingresos previstos por calquera outra actividade.

Ademais fornecerase a información relativa ás tarifas previstas para a publicidade baixo as súas diferentes modalidades.

A información, referida a todo o período de vixencia da licenza, deberá incluír, por unha banda, os ingresos convenientemente desagregados (de acordo coa súa natureza e en función dos distintos conceptos involucrados), así como os fundamentos e bases das hipóteses utilizadas no seu modelo de ingresos.

c2. Doutra banda os gastos divididos segundo os diversos capítulos de custos para o desenvolvemento e explotación do servizo, chegando ao máximo nivel de detalle posible, con especial fincapé nos gastos de persoal, gastos correntes, amortización de infraestrutura que terán en conta os datos previstos nos apartados de programación e proposta tecnolóxica.

d) Previsión de investimentos

Especificarase o plan de investimentos previsto no período de vixencia da licenza, analizándose en función do tipo de investimento considerado (infraestrutura, sistemas e equipos técnicos, contidos e provisión de programación).

Este plan de investimentos, terá que ser coherente coa previsión de ingresos e gastos que figura no punto anterior, de forma que soamente se poderá valorar se é realista e atopa sustento en dita previsión.

2. **Fomento do emprego e estrutura do cadro de persoal**

Neste apartado, incluírase un cadro coa previsión do número de postos de traballo de carácter permanente que anualmente, e durante os anos de vixencia da licenza, se crearán na emisora, así como o número deles que se pretende cubrir con traballadores con discapacidade.

Non se terán en conta o emprego non contabilizado no apartado anterior.

Especificarase tamén a estrutura de persoal e organización que a emisora irá tendo anualmente por áreas ou departamentos. Nese senso, especificaranse os perfís profesionais para cada posto especificando a formación académica e cualificación profesional requiridas. Ademais indicaranse explicitamente os postos de traballo que se cubrirán con novas contratacións e aqueles outros que se realizarán con persoal xa pertencente ao solicitante ou ao conxunto de socios do mesmo.

Tamén se sinalarán as accións encamiñadas á igualdade na participación de homes e mulleres e a conciliación da vida familiar e laboral favorecendo a integración laboral das persoas con discapacidades.

Por último detallaranse as accións e plans formativos previstos para o persoal da emisora. Neste senso, especificaranse os cursos ou actuacións a realizar co seu nome, duración, contidos principais e calendario previsto. Ademais poderanse incluír convenios de formación con entidades especializadas dos que se poidan beneficiar os traballadores da emisora.

3. Estratexia comercial

Neste apartado detallaranse os contidos publicitarios previstos, indicando a súa estratexia polo que respecta a captación e fidelización dos anunciantes e en relación ao tipo de publicidade a difundir (anuncios, patrocinios, publicidade asociada a servizos de tarificación adicional), así como os tempos que se prevén destinar a emisión de contidos publicitarios. No caso de que o solicitante non basee a súa estratexia comercial en publicidade senón noutro tipo de ingresos detallarán as fórmulas para obter as fontes de financiamento indicándoas na súa oferta.

4. Compromiso de non transmitir a licenza.

O solicitante poderá presentar un compromiso de non transmitir directa nin indirectamente a licenza por un prazo superior ao que establece a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

PROPOSTA TECNOLÓXICA

1 - Plan de execución de obras e instalacións

O solicitante deberá achegar un plan de execución das obras e instalacións necesarias para o funcionamento do servizo de comunicación audiovisual televisiva, conforme aos trámites e pasos administrativos, de forma que sexa posible ver a orde de execución das tarefas e a posibilidade de realizalas de forma simultánea, no que se incluírá:

a) Plan de despregamento

Os solicitantes achegarán un plan de despregamento do servizo con indicación expresa dos prazos previstos para o cumprimento dos trámites que sexan

responsabilidade do prestador (presentación de proxectos técnicos, presentación de solicitudes/autorizacións necesarias, compromisos alcanzados con operadores de difusión, finalización de obras e instalacións e dotación doutros medios e recursos, inicio de emisións ...)

b) Infraestruturas para a prestación de servizo:

• Estudos de produción:

Realizarase unha descrición do equipamento técnico e do material co que se pretende dotar os estudos, facendo especial fincapé no relativo a realización e produción e indicando a localización prevista dos estudos.

- A situación proposta será identificada por un enderezo postal ou, no seu defecto, por unhas coordenadas xeográficas indicando se está dispoñible ou suxeito a autorización.
- Memoria na que se realizará unha descrición dos sistemas e equipos empregados nos estudos. Describiranse as diferentes áreas e o equipamento por área.
- Xuntaranse as características técnicas dos equipos e instalacións empregadas e o grao de dixitalización das mesmas.
- Xuntaranse os planos básicos dos estudos. Así mesmo realizarase unha descrición das posibles adaptacións necesarias para adecuar as instalacións ao seu uso como estudio de televisión.

• Unidades móbiles:

Indicarase o número e configuración das unidades móbiles de televisión no caso de que se doten.

• Rede de difusión:

Tamén se detallará a proposta para a localización da estación transmisora principal, no caso de non existir rede de difusión xa autorizada na demarcación, mediante planos detallados, en coordenadas UTM uso 29T, proxección ETRS89, e as garantías de instalación, con indicación dos titulares da propiedade onde se vai situar, o título de propiedade e os títulos xurídicos, no seu caso, para a ocupación das mesmas.

Respecto do emprazamento elixido para a localización da estación transmisora principal, detallarase a descrición do entorno, terreo, arboredo, edificios e urbanización, así como aquelas outras infraestruturas que puideran afectar a propagación e limitar a cobertura en determinadas direccións. Tamén se detallará a xustificación do emprazamento proposto en relación aos parámetros técnicos da solicitude en cuestión.

Memoria na que se realizará unha descrición da infraestrutura (aloxamento de equipos e torres soporte de antenas) e o equipamento empregado, así como os

parámetros técnicos de diseño da estación, do transmisor, potencias, liña de transmisión, sistema radiante, que xustifiquen as coberturas poboacionais.

Xuntaranse as características técnicas dos equipos e instalacións empregadas.

Achegarase un mapa coa cobertura poboacional prevista, con indicación dos parámetros de simulación empregados. Indicarase as porcentaxes de poboación cuberta con respecto á totalidade da demarcación obxecto da licenza, que deberá acadar os mínimos ineludibles establecidos na disposición adicional terceira do Decreto 81/2005, tendo en conta o establecido na cláusula sétima das presentes bases.

- **Enlace estudios – centro estación transmisora principal:**

Detallaranse tecnicamente os sistemas de transporte do sinal e servizos de comunicación electrónica para o transporte do sinal de comunicación audiovisual televisiva dende os estudos á estación transmisora principal, indicando a tecnoloxía empregada e o réxime de explotación, ben con medios propios ou a través de operadores de comunicacións electrónicas legalmente establecidos.

2. Plan de calidade, continuidade e fiabilidade

O solicitante especificará as técnicas, instrumentos e ferramentas concretas que se empregarán no seu proxecto televisivo para garantir a calidade e continuidade técnica do servizo, incluíndo a seguridade das instalacións. Tamén poderán aludir, de ser o caso, a acordos de calidade de servizo asinados co operador de comunicacións electrónicas que vai prestarlle o mesmo, debendo neste caso incluír o seu alcance e detalle.

O solicitante deberá achegar un plan de calidade do servizo que debe especificar os seguintes extremos:

- a) Forma na que se propón prover un servizo de alta calidade para o servizo de comunicación audiovisual televisiva na zona de servizo, en relación coa que se presenta a oferta, mencionando os aspectos e parámetros concretos de calidade e funcionamento.
- b) Procesos para garantir a fiabilidade e continuidade do funcionamento do servizo mediante procedementos de redundancia dos equipamentos, mecanismos que garantan a continuidade e utilización de sistemas alternativos de emerxencia de subministración de enerxía, así como procedementos de reenvío de alarmas no caso de avarías concretas. Detallaranse os parámetros de fiabilidade segundo os fabricantes dos elementos fundamentais do equipamento proposto para as condicións de temperatura e humidade de traballo.
- c) Plans de mantemento das instalacións, tanto de carácter preventivo como correctivos, indicando os tempos de resposta.

3. Plan medio ambiental e protección da saúde

Neste apartado, o solicitante deberá proporcionar, detallada, a información seguinte:

- a) Forma en que o solicitante propón minimizar o impacto medioambiental con respecto á implantación da estación transmisora, especialmente no referido as infraestruturas.
- b) Plan medioambiental de tratamento e recollida de residuos, tanto na fase de execución das instalacións, como no referente aos procesos de mantemento e reposición de equipos, así como do coidado do entorno arredor das instalacións. Tamén se detallarán os medios para a protección contra os efectos meteorolóxicos, especialmente contra o raio, así como a protección contra o lume do medio ambiente próximo.
- c) Plans de protección da saúde dos traballadores, tanto na fase de execución das instalacións como durante o funcionamento do servizo, incluíndo as tarefas de mantemento. Tamén se detallará as medidas de protección sanitaria fronte aos campos electromagnéticos, segundo o Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.
- d) Plans de emprego de enerxías renovables no caso de que houbera
- e) Cualificación enerxética dos emprazamentos e o edificio onde están situados os estudos, segundo o establecido no Real Decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación enerxética dos edificios.

4. Plan de compartición de infraestruturas

No caso de que se prevea utilizar infraestruturas de telecomunicacións existentes, deberá indicarse explicitamente cales se empregarán e con que obxectivo, si son da súa propiedade ou dun operador de comunicacións electrónicas. Neste último caso deberá indicar a razón social deste, o título competencial segundo a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, así como os preacordos asinados para a compartición de infraestruturas. Se son da súa propiedade deberá indicar que outros servizos de radiocomunicación dispón nese emprazamento, sinalando as frecuencias en uso ou reservadas pola Administración competente en materia do espectro radioeléctrico.

5. Plan de innovación tecnolóxica

Neste apartado o solicitante deberá proporcionar o seu compromiso en canto a o plan de innovación tecnolóxica, detallando a seguinte información:

- a) A relativa as actuacións de promoción da sociedade da información e os investimentos na produción de servizos e contidos multimedia, así como novos servizos no ámbito da demarcación para a que se presenta a oferta, incluíndo o compromiso en canto a melloras como o desenvolvemento dunha web da canle baixo tecnoloxía 2.0 que favoreza a participación cidadán e o acceso a información actualizada.
- b) A relativa a actuacións para a contribución ao desenvolvemento tecnolóxico e industrial da zona de servizo para a que se presenta a oferta,
- c) Grao de compromiso de emprego e utilización de sistemas avanzados, como poden ser aplicacións HbbTV, teletexto, vídeo baixo demanda, televisión á carta, e concretamente a dixitalización completa, principio a fin, de todo o proceso de produción, almacenamento e difusión, con sinerxías entre servizos multiplataforma, televisión dixital, móbil, internet, etc. e a integración de plataformas tecnolóxicas innovadoras.
- d) A implantación e prestación de servizos de valor engadido complementarios, non existentes na zona de cobertura en relación coa que se presenta a oferta e noutras áreas próximas.
- e) Especificación daqueles aspectos que supoñan unha innovación tecnolóxica nos procesos produtivos e transaccionais dos programas e no proceso de transmisión dos sinais, tanto nas vías de contribución como de distribución.

EXPERIENCIA

Indicarase a experiencia e/ou capacidade do solicitante e dos seus accionistas na prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva ou na xestión doutros servizos de comunicación audiovisual ou medios de comunicación en xeral.

14. Criterios de valoración

PROGRAMACIÓN (ATA 40 PUNTOS)

1. Organización e contidos de programación (ata 8 puntos)

Valorarase o carácter xeneralista da programación, entendendo como tal aquela que inclúa ao menos un 40% de programas informativos, de opinión, culturais, deportivos e musicais e sempre sen prexuízo do establecido na cláusula 7 B) das presentes bases.

Valorarase positivamente a inclusión de estudos de mercado e análise de audiencias que fundamenten as súas propostas en canto a que os contidos e programas propostos teñen interese para as diversas demandas do público. Ditos estudos deberán garantir a súa solvencia e obxectividade, cumprindo uns

requisitos mínimos de fiabilidade no que se refire ao tamaño e selección da mostra, nivel de confianza, marxe de erro previsto e método de recollida da información.

2. Emprego do galego (ata 8 puntos)

Valorarase proporcionalmente o emprego do galego na produción propia de acordo co establecido na cláusula 7 B) b) das presentes bases

3. Fomento e defensa da cultura, os valores e intereses de Galicia (ata 8 puntos)

Valorarase a contribución á formación do patrimonio audiovisual histórico de Galicia mediante o compromiso da creación dun arquivo onde se rexistrarán e conservarán as emisións para o seu posterior envío ao arquivo sonoro do Consello da Cultura Galega que garantirá a súa conservación centralizada e posta en valor.

4. Porcentaxe de programación propia (ata 5 puntos)

Valorarase proporcionalmente respectando os límites establecidos pola cláusula 7 B) b).

5. Promoción do pluralismo informativo (ata 5 puntos)

Terán maior consideración aquelas ofertas televisivas que supoñan un maior pluralismo informativo nese ámbito de cobertura.

Valorarase positivamente o maior aporte a pluralidade da oferta de prestadores de comunicación audiovisual en función das licenzas que o solicitante ostente directa ou indirectamente, entendendo como tal calquera tipo de participación significativa, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 7/2010, a través doutras empresas ou grupos de empresas.

6. Programación de interese para a demarcación (ata 4 puntos)

Valorarase o tempo específico dedicado aos concellos incluídos na demarcación, con referencia as súas institucións, asociacións, entidades deportivos ou eventos de carácter social, económico e cultural máis importantes que denoten unha concreción da programación específica. Terase en conta o compromiso de emisión dos citados contidos en horarios de máxima audiencia.

7. Nº de horas de emisión diaria (ata 2 puntos)

Valorarase proporcionalmente o tempo de emisión indicado por encima dos límites establecidos pola cláusula sétima das presentes bases en concordancia coa lexislación vixente.

PROPOSTA ECONÓMICA (ATA 30 PUNTOS)

1. Caracterización do mercado. Plan financeiro. Ingresos, gastos e investimentos (ata 10 puntos)
2. Fomento do emprego e estrutura do cadro de persoal (ata 10 puntos)
3. Estratexia comercial (ata 5 puntos)

En cada un dos tres subcriterios de valoración anteriores valorarase a coherencia dos plans descritos nos apartados 1 (plan financeiro, plan de investimentos) 2 (cadro de persoal, cualificación e formación) e 3 (estratexia comercial) respectivamente da proposta económica, coa realidade do mercado audiovisual televisivo de referencia en cada demarcación e coa propia previsión de ingresos e gastos que debe incorporar a referida oferta económica.

Adicionalmente no primeiro apartado valorarase tamén o coñecemento do mercado de referencia (audiencia e anunciantes) así como a adecuación das estratexias comerciais ás características do mercado; a diversificación das vendas (publicidade , patrocinios, chamadas, vendas etc.); a importancia dos patrocinios, as estratexias comerciais que contribúan aos obxectivos de promoción de produtos culturais, formativos e de interese social e os plans de comunicación e de atención á persoa usuarias.

4. Compromiso de non transmitir a licenza (ata 5 puntos)

Valoraranse proporcionalmente o número de anos durante os cales o interesado se comprometa a non transmitir a licenza con excepción dos dous primeiros anos obrigatorios segundo a lei.

PROPOSTA TECNOLÓXICA (ATA 20 PUNTOS)

Valorarase con ata 20 puntos os plans descritos na proposta tecnolóxica, segundo se detalla a continuación, tendo en conta a claridade expositiva, a concreción e a adecuación da oferta á prestación do servizo de televisión de ámbito local considerando a estes efectos tódolos elementos que deben incorporarse á citada proposta tecnolóxica de conformidade coa cláusula 13.

1. Plan de execución de obras e instalacións (ata 4 puntos)
2. Plan de calidade, continuidade e fiabilidade (ata 4 puntos)
3. Plan medio ambiental e protección da saúde (ata 4 puntos)
4. Plan de compartición de infraestruturas (ata 4 puntos)
5. Plan de innovación tecnolóxica (ata 4 puntos)

EXPERIENCIA (ATA 10 PUNTOS)

Valorarase a experiencia e/ou capacidade do solicitante e dos seus accionistas na prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva, ou na xestión

doutros servizos de comunicación audiovisual ou medios de comunicación en xeral.

Neste apartado non se valorará a solvencia económica e técnica da oferta que xa é obxecto de valoración na proposta económica e tecnolóxica.

15. Mesa de Avaliación

A mesa de avaliación estará integrada polas seguintes persoas:

Presidente: secretaria xeral de Medios

Vogais:

- Un representante da Asesoría Xurídica Xeral
- O subdirector xeral de Réxime Xurídico
- O subdirector xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia
- A xefa de Sección da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico

Secretario: Actuará como secretario un funcionario da Secretaría Xeral de Medios que actuará con voz pero sen voto.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, os membros da mesa de avaliación serán suplidos por un funcionario de igual rango.

A mesa de avaliación poderá solicitar á secretaria xeral de Medios, a designación de expertos, segundo considere. A mesa poderá solicitar de ditos expertos informes sobre distintas materias a efectos de facer a proposta correspondente, e requirirille a súa presenza con voz pero sen voto nas reunións segundo se considere oportuno, para dar conta dos informes elaborados e da información analizada.

Os ditos expertos informarán das materias correspondentes ás diferentes propostas presentadas polos solicitantes aos efectos de emitir informes sobre os criterios a valorar pola mesa.

16. Apertura do SOBRE 1 (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA)

1. Terminado o prazo de recepción de proposicións, *solicitarase certificación do funcionario responsable do Rexistro Xeral*, onde se relacionen as proposicións recibidas ou, no seu caso, sobre a ausencia de solicitudes que, xunto cos sobres se remitirá ao secretario da Mesa de Avaliación.
2. Recibidos os sobres xunto co certificado do funcionario encargado do Rexistro constituirase a Mesa de Avaliación dentro do prazo máximo dun mes dende a finalización do prazo de presentación das ofertas, salvo circunstancias de carácter

extraordinario, nas instalacións da Secretaría Xeral de Medios e procederase a cualificar previamente os documentos presentados en tempo e forma. A tal efecto o Presidente ordenará a apertura do SOBRE Nº 1. Dito acto non terá carácter público.

3. Se a Mesa de Avaliación observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada comunicarallo aos interesados a través do Notifica.gal (www.notifica.xunta.gal) deixando constancia de dita notificación no expediente, e farao público a través da páxina web da Secretaría Xeral de Medios, concedéndose un prazo **non superior a dez días hábiles** para que os interesados os corrixan ou emenden baixo apercibimento de exclusión definitiva do solicitante se, no prazo concedido, non procede a emenda da documentación.

Neste suposto, os solicitantes aos que se requira para emendar os defectos deberán remitir a documentación solicitada ao Presidente da Mesa de Avaliación mediante a súa presentación, inescusablemente no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

4. Posteriormente reunirse de novo a Mesa de Avaliación para adoptar os oportunos acordos sobre a admisión definitiva dos solicitantes á vista das emendas recibidas.
5. Calquera modificación das circunstancias anteriores comunicarase a través da páxina web da Secretaría Xeral de Medios. Así mesmo, os acordos da Mesa de Avaliación será obxecto de publicación nesta páxina web.

17. Acto público de apertura do SOBRE Nº 2: EXPERIENCIA E PROPOSTAS: PROGRAMACIÓN, ECONÓMICA E TECNOLÓXICA

Concluídos os traballos aos que se refire a cláusula décimo sexta das bases e no día que se sinale a tal efecto e anunciado na páxina web da Secretaria Xeral de Medios, terá lugar un acto público no que a Mesa de Avaliación procederá a manifestar o resultado sobre a admisión e exclusión dos participantes con expresión das proposicións rexeitadas e a causa da exclusión e procederase a apertura do SOBRE Nº 2 dos solicitantes non excluídos.

18. Procedemento de valoración

A valoración das solicitudes, realizarase de acordo co seguinte procedemento:

1. Todas as solicitudes serán clasificadas por orde de mellor a peor respecto de cada un dos criterios segundo á puntuación outorgada.
2. Obtida a puntuación de tódalas ofertas respecto a cada un dos criterios, sumarase a puntuación total de cada unha delas, resultando seleccionada á que obteña a maior puntuación.

3. No caso de que dúas ou máis ofertas resulten igualadas na súa puntuación, a Mesa de Avaliación proporá en primeiro lugar a favor da oferta que obteña unha maior puntuación nos criterios referentes á programación. De seguir igualadas as ofertas proporase a licenza a favor da oferta que obteña unha maior puntuación nos criterios referentes a proposta económica e proposta tecnolóxica sucesivamente, ata desfacer o empate. De persistir o empate proporase a licenza a favor do solicitante que resulte seleccionado por medio de sorteo realizado en acto público.

19. Proposta de adxudicación

Analizadas as ofertas, a Mesa de Avaliación formulará as propostas de adxudicación e con carácter previo á súa elevación pola Secretaria Xeral de Medios ao Consello da Xunta, se requirirá ós solicitantes propostos para que, no prazo de quince días hábiles, acheguen a seguinte documentación.

1. Acreditación de atoparse ao corrente das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e das obrigas coa Seguridade Social; tamén de estar ao corrente do pagamento do IAE.
2. Datos actualizados, nas persoas xurídicas, relativos ao capital social ou análogo e a súa distribución, así como a composición dos seus órganos de administración.

Recibida a documentación requerida, a Secretaría Xeral de Medios, dará traslado das propostas correspondentes, ao Consello da Xunta a efectos de outorgamento das licenzas.

As propostas da Mesa de Avaliación non creará dereito algún a favor dos adxudicatarios propostos.

20. Outorgamento da licenza

O Consello da Xunta acordará o outorgamento da licenza segundo os criterios de valoración sinalados nas presentes bases, podendo solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes.

O dito acordo será publicado no Diario Oficial de Galicia e notificado aos interesados.

O acordo que poña fin ao concurso, ademais de conter o titular da licenza outorgada, deberá concretar os parámetros técnicos nos que se prestará o servizo.

O concurso deberá ser resolto no prazo máximo de seis meses a contar dende a publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 21.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Transcorridos os ditos seis meses, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Poderá declararse deserto o concurso, total ou parcialmente, cando se considere que as ofertas non satisfacen as necesidades do servizo de comunicación audiovisual televisiva na demarcación á que se presentan, de acordo cos criterios de valoración establecidos nestas bases, non alcanzando a puntuación mínima esixible que se establece en 65 puntos.

21. Taxas

No prazo de 1 mes, dende o outorgamento da licenza, a persoa titular da licenza deberá remitir á Secretaria Xeral de Medios o exemplar para a administración que xustifique ter realizado o correspondente pagamento da taxa 31.24.01 correspondente ao outorgamento, prorroga, renovación ou transmisión de licenzas para a prestación de servizos de comunicación audiovisual de acordo coa Lei 6/2003 do 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras de Comunidade Autónoma de Galicia. O impagamento da dita taxa é unha das causas de extinción da licenza segundo o previsto no artigo 30 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral de comunicación audiovisual.

22. Presentación dos proxectos técnicos

De acordo co disposto no artigo 9.1 do Decreto 81/2005, do 14 de abril, no prazo de seis meses dende a notificación do acordo de outorgamento de licenzas, deberán presentarse os seguintes proxectos técnicos:

- A) PROXECTO TÉCNICO DE ESTUDIOS
- B) PROXECTO TÉCNICO DE ENLACE ENTRE OS ESTUDIOS E A REDE DE DIFUSIÓN
- C) PROXECTO TÉCNICO DA REDE DE DIFUSIÓN

A solicitude de aprobación do proxecto técnico de estudos, que deberá seguir as instrucións detalladas na cláusula 23 das presentes bases e deberá presentarse ante a autoridade audiovisual competente para o seu informe e aprobación.

As solicitudes de aprobación dos proxectos técnicos da rede de difusión e do proxecto técnico de enlace entre os estudos e a rede de difusión, que deberán cumprir coas características técnicas establecidas pola Secretaría de Estado

para a Sociedade da Información e Axenda Dixital e ser conformes co Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Local, presentaranse ante á autoridade audiovisual competente para a súa remisión, previo informe, se procede, á administración do Estado.

Cada un dos adxudicatarios da canle múltiple deberán presentar un proxecto técnico da rede de difusión que necesariamente ten que ser común a todos eles. No caso de que se designe, mediante acordo entre os licenzatarios dunha demarcación, a entidade xestora do múltiple dixital de televisión local na demarcación e un operador de difusión de dito múltiple dixital, a presentación de dito proxecto técnico poderase realizar pola entidade designada. A autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma dará traslado deste proxecto técnico, con previo informe, a autoridade audiovisual competente da Administración do Estado.

No caso de que nunha demarcación determinada xa exista un proxecto técnico de rede de difusión aprobado, segundo se establece no ANEXO VI, os adxudicatarios nesa demarcación, quedarán exentos da presentación de dito proxecto técnico, pero deberán acreditar a anexión aos acordos de compartición do múltiple dixital e de difusión de dito múltiple dixital na demarcación, nas mesmas condicións de igualdade e non discriminación que os licenzatarios actuais, coa salvedade de que se poidan establecer novos acordos de compartición do múltiple.

Así mesmo quedará exento da presentación do proxecto técnico da rede de enlace no caso de que acredite a conectividade entre os estudos e a rede de difusión a través dun acordo / contrato cun prestador habilitado de servizos de comunicacións electrónicas que xa dispoña dunha rede que garanta a comunicación entre ditos puntos, ou que xustifique tecnicamente que non requira da súa tramitación ante a Secretaria de Estado para a Sociedade da Información e Axenda Dixital.

No suposto de denegación ou proposta de modificación dalgún proxecto, se requirirá ao licenzatario para que presente ante a autoridade audiovisual un novo proxecto técnico no prazo de dous meses seguintes á notificación, de non facelo no prazo sinalado, requiriráselle novamente por un prazo de dez días para que se presente a dita modificación, en caso de incumprimento deste requirimento, se procederá a declarar a extinción, por incumprimento dunha condición esencial inherente ao seu outorgamento.

23. Instrucións para a redacción do proxecto técnico de estudos

Os estudos de produción son o lugar onde se consolidan os contidos que constitúen a oferta do licenciario, onde se perfecciona a licenza de comunicación audiovisual televisiva. Os proxectos técnicos de estudos,

axustaranse a estrutura e contidos que se establecen a continuación e deberá ser independente por cada licenza e licenzatario. O proxecto de estudos deberá presentarse en formato electrónico e asinado por un Enxeñeiro de Telecomunicación, Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación ou enxeñeiro competente, cunha sinatura electrónica avanzada segundo o establecido na Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica. No caso de que o proxecto non estivera visado electrónicamente polo colexio profesional correspondente, deberá incluír unha declaración de competencia profesional do enxeñeiro autor.

As obras de arquitectura ou de obra civil, de existir, deberán ser contempladas en proxecto independente aparte, que deberá presentarse ante a administración local correspondente, para a tramitación da correspondente licenza de obras. Non formarán parte nin será tida en conta no proxecto de estudos de produción os elementos de enlace entre os estudos de produción e a rede de difusión, que deberá ser presentada en proxecto independente aparte, coa excepción dos equipamentos de interface e interconexión para axustar a sinal que formará parte dos tributarios da rede de enlace coa rede de difusión.

O proxecto técnico de estudos deberá conter toda a información técnica e económica para a correcta comprensión e execución das instalacións de produción, coas capacidades e requirimentos mínimos que permita cumprir coas obrigas da licenza e os compromisos da oferta do licenciario, garantindo para ditos contidos emitidos a súa seguridade, fiabilidade e continuidade. O proxecto de estudos deberá conter a seguinte estrutura:

1. Folla resumen: Conterá toda a información de identificación do proxecto, título do proxecto, o promotor titular da licenza, a situación dos estudos, o enxeñeiro autor do proxecto, data e versión do proxecto no caso da existencia de mais de unha.
2. Memoria: Descrición detallada da instalación e solución técnica proposta, incluíndo os datos xerais do titular da licenza, ubicación dos estudos con indicación inequívoca da dirección e referencia catastral, así como as dimensións do espazo, a súa cualificación para o uso como estudos, a descrición da distribución dos espazos e áreas para cada unha das funcionalidades en relación cos estudos de produción (Xestión, Redacción, Edición, Control de realización, Continuidade, ENG exteriores, Plató, elementos comúns). Características xerais de toda a instalación dos estudos, distribución dos equipamentos, funcionalidades, cableado, conmutación/enrutamento, titulación/grafismo, audio, vídeo, iluminación e datos, etc. Características de deseño, tecnoloxías, xestión, redacción, produción, emisión continuidade, almacenamento dixital, rexistro e copia legal. Equipos, descrición de marcas, modelos e funcionalidades. Dimensionamento das

- redes de comunicación e conectividade entre as diferentes unidades, iluminación e consumos eléctricos, capacidades, almacenamento dixital e espazos electrónicos. Sistemas de protección e seguridade.
3. Planos: Inclúranse os planos detallados de ubicación exacta dos estudos e unha ortofoto coa sinalización dos estudos. Inclúranse os planos detallados, debidamente acotados, da distribución en planta, co reparto das superficies dedicadas a cada función, así como aqueles outros planos que axuden a correcta comprensión das instalacións, a distribución dos equipamentos, canalizacións e tomas de conexión. Inclúranse neste apartado todos os esquemas e planos de conexións de equipamentos e gráficos descritivos da funcionalidade.
 4. Prego de prescricións técnicas: Inclúirá toda a documentación técnica de equipos, materiais e demais elementos da instalación, descrición da marca, modelo, configuracións, características eléctricas e mecánicas, coas follas de especificacións de cada equipamento e material. Incorporará os certificados de declaración de conformidade e marcado CE de todos os equipamentos. Tamén se incluírá a relación da normativa técnica aplicable.
 5. Orzamento e medidas: O orzamento de execución dos estudos, desglosando os diferentes sistemas e unidades, tanto dos materiais dos estudos, como o custo de man de obra, honorarios e impostos.

24. Execución das obras e instalación, inspección e autorización de posta en funcionamento e inicio das emisións. Emisión en probas.

Aprobados os proxectos técnicos de enlace e difusión o titular da licenza disporá de nove meses segundo o disposto no artigo 49.10 do Real Decreto 123/2017 polo que se aproba o Regulamento sobre o uso do dominio público radioeléctrico para a execución das obras e instalacións e comunicación das mesmas a autoridade audiovisual competente que emitirá previo informe sobre a súa adecuación aos proxectos técnicos aprobados.

Os informes sobre a rede de difusión e o enlace de contribución serán remitidos á autoridade competente do Estado ao efecto de que realice o recoñecemento técnico das instalacións e dite resolución sobre a posta en funcionamento.

A partir da notificación da autorización de posta en funcionamento dos estudos de produción, e despois de dispoñer da posta en servizo do centro emisor, comezará a transcorrer o prazo de doce meses para o comezo das emisións, coas consecuencias previstas no artigo 30.2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, de non facelo.

Transcorridos doce meses dende a aprobación dos proxectos técnicos, sen que se teñan executado e comunicado o fin das obras, requirirase ao titular

para que no prazo de dez días realice dito trámite. De non facelo, procederase a declarar a extinción da licenza por incumprimento dunha condición esencial inherente ao seu outorgamento.

No caso de que o titular solicite a modificación do proxecto técnico de estudos aprobado, isto no modificará o prazo de execución das obras de doce meses, que se contará a partir da aprobación do proxecto técnico inicial.

25. Inscripción no rexistro

Procederase de oficio á inscrición da licenza no Rexistro Galego de Prestadores do servizo de comunicación audiovisual segundo o previsto no Capítulo IV do Decreto 102/2012 do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

26. Formalización en documento administrativo

Tras a autorización de posta en funcionamento, quedará constancia dos datos da licenza nun documento administrativo que deberá incluír como mínimo:

- a) Os parámetros técnicos de prestación do servizo
- b) As características xerais do servizo e dos contidos
- c) O tempo mínimo de emisión diaria e semanal
- d) As porcentaxes para o cumprimento das obrigas con relación á normalización e a protección da lingua e a cultura galegas e as franxas horarias en que deberán aplicarse.
- e) As porcentaxes de produción propia
- f) As demais obrigas que teñan asumido inicialmente de modo voluntario, en virtude códigos deontolóxicos e normas de autorregulación.
- g) As obrigas, de entre as recollidas na cláusula sétima, apartado D) consideradas esenciais para a prestación do servizo, segundo o previsto nas bases da convocatoria.